

9

Obxectivos desta unidade

- Pedir e ofrecer información sobre o tempo meteorolóxico
- Expresar coñecemento ou descoñecemento sobre algo
- Facer valoracións e comparacións

Que tempo deu para a fin de semana?

Coñecemento do código

- O tempo meteorolóxico
- Tipos de agrupamentos poboacionais
- Vivenda: tipos e descrición
- Fogar: partes e mobiliario doméstico
- Conectores e enlaces de uso máis frecuente
- Colocación do pronome átono en negativas e interrogativas
- Acentuación (I): agudas



ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. www.meteogalicia.es é a páxina web da Xunta de Galicia na que podes consultar información sobre o tempo meteorolóxico a curto e a medio prazo.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

CINAM METEOGALICIA
Centro de Investigación e
Información Ambiental de Galicia

Galicia
 Localidades
 Medio Prazo
 O Mar
 Camiños de Santiago

- Predición
- Modelos
- Observación
- Persoal
- Publicacións
- Formación
- Ligazóns

Tarde do mércores, 5 de decembro de 2007

MeteoGalicia
Consellería de Medio Ambiente - Universidade de Santiago de Compostela

Máis predicións:

[mércores](#)
[xoves](#)
[venres](#)
[sábado](#)
[medio prazo](#)

Temperaturas (mínimas e máximas):

A Coruña	14 17	Monforte	7 13	Ribadeo	14 17
Ferrol	14 17	O Barco	3 14	Santiago	12 15
Fisterra	13 17	Ourense	5 15	Verín	4 9
Lalín	9 13	Pedrafita	5 8	Vigo	14 16
Lugo	6 14	Pontevedra	13 16	Vilagarcía	13 16
Viveiro	14 17				

Predición completa en pdf

Solicitude de informes meteorolóxicos

[Solicitude on-line](#)

Suxestións

sistemas@meteogalicia.es

Adverso meteorolóxico

Elaborado o 4 de decembro ás 11h

[adversos anteriores](#)

Satélite:

Imaxe infravermella con cor do 5 de decembro ás 12:00 h UTC

[máis](#)

Estado actual nas estacións:

Monte Medo
 (Baños de Molgas) 8,2°
 Datos procesados ás 17:30 h. (46 de 69)

[máis](#)

Novas:

Nova rede de estacións:
 Nova rede de estacións océano-meteorolóxicas.
[máis](#)

Cambio climático:
 Evidencias e Impactos do Cambio Climático en Galicia.
[máis](#)

MeteoEscolas:
 Nova rede de estacións meteorolóxicas en centros de ensino.
[máis](#)

Informe climático:
 Mes de outubro de 2007
[máis](#)

[Outras novas](#)

MeteoGalicia - CINAM - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Xunta de Galicia
Área Central, Local: L-31-C. Polígono de Fontiñas 15703 Santiago de Compostela. A Coruña

Teléfono: +34-981-957464
Fax: +34-981-957466

A. Deseguido aparecen os símbolos máis frecuentes que ilustran os mapas meteorolóxicos. Intenta completar as lendas que faltan coas palabras que hai dentro da nube. E faino antes de que veña a choiva, porque senón as letras van caer en forma de pingueiras!

Ceo




Nubes altas


Nubes e claros




Cuberto






Chuvascos





Neve



Trebón



Néboa

Vento



Vento variable



Vento feble



Vento moderado




Temperaturas









B. Agora vas escoitar 3 predicións. Cal delas se corresponde coa imaxe do mapa de Meteogalicia?

- ☐ Prognóstico 1
- ☐ Prognóstico 2
- ☐ Prognóstico 3



C. Volve escoitar os partes meteorolóxicos e toma nota dos seguintes aspectos:



	PROGNÓSTICO 1	PROGNÓSTICO 2	PROGNÓSTICO 3
CEO			
VENTO			
TEMPERATURA			

2. A. En Galicia fálase moito do tempo. Estes son algúns contextos nos que este tema está presente. Pensas que a intención do emisor é a mesma en todas as conversas? Lédeas e comentádeo primeiro por parellas e logo entre toda a clase.




Antes dunha excursión

- Que tempo deu para a fin de semana?
- Non teño nin idea pero... o vento tira moito e.... non sei se aguantará sen chover.
- Vaia! E eu que quería organizar unha ruta de sendeirismo cos da piscina...
- Pero non me fagas caso, eh! Mira na internet o que pon para o sábado e para o domingo.
- Si, voulle botar un ollo porque... con tal de que non chova, xa me vale.



Celebración á vista

- Mario, irá frío á noite?
- Como? E eu que sei! Por que?
- É que non sei que roupa vou levar á cea.
- Ah! Pero aínda que estea a noite fría, no restaurante ha de haber calefacción.
- Si, iso si. Pero, poñerei o abrigo ou chegareme coa chaqueta de veludo?
- Eu creo que vas ben coa chaqueta, que aínda non estamos no inverno.
- Si, tes razón, coa chaqueta abonda.



No ascensor

- Bos días Irene.
- Que hai?
- Máis ou menos. E que? Choverá ou non?
- Si, eu creo que si, aínda que onte escoitei na radio que ata mañá non había chuvia pero... o ceo está moi escuro.
- Si, a ver que pasa.
- Veña, ata despois.
- Aburiño.



Para facer a bogada

- Xocas, sabes se deu choiva para hoxe?
- Sei, na televisión deron algún orballo para as primeiras horas do día pero, eu veño de fóra e xa loce o sol.
- E que non sei se botar a bogada fóra ou dentro.
- Eu penso que hoxe pódela botar fóra. Ademais, aínda que veñan dúas pingueiras, co aire que vai xa seca no momento.
- Pois daquela, ven comigo axudarme a estender esta manta no tendal.

B. Que enunciados se utilizan para pedir información sobre o tempo? Como se expresa coñecemento? E descoñecemento? Nós xa che damos un exemplo de cada.

Para pedir información sobre o tempo...	Para expresar coñecemento...	Para expresar descoñecemento....
—Sabes se deu choiva para hoxe?	—Sei.	—Non teño nin idea.

GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

3. BUSCANDO VIVENDA

A. Estes son algúns dos anuncios de venda e alugueiro que hai no escaparate da axencia inmobiliaria *O meu lar*. Bótalles unha ollada.

1 ALÚGASE



Piso de setembro a xuño. Centro da cidade, rúa da Algalia. 2 cuartos (un dobre), 1 baño, cociña e comedor con balcón. Calefacción e ascensor. A 25 minutos a pé das universidades. 350 euros + gastos de comunidade. Estación de tren a un paso.

2 VÉNDESE



Pisos a estrear

Avenida de Vista Alegre. 3 dormitorios, 1 baño, 1 aseo, cociña totalmente equipada, salón comedor con balcón que dá a un amplo xardín con parque infantil e piscina comunitarios. Rocho amplo. Ascensor e garaxe.

3 ALÚGASE



Apartamentos en Portosín, a 20 m da praia e a 50 m do porto deportivo. 2 cuartos dobres, un deles con aseo. 1 baño con bañeira hidromasaxe. Cociña americana e amplo salón con terraza.

4 ALÚGASE



130 euros/mes, todo incluído

Estudios na zona vella, a 10 minutos do campus universitario. Totalmente renovados e equipados: microondas, lavadora, calefacción e ascensor.

5 VÉNDESE



Casa de pedra para restaurar. A 20 km. de Santiago, contorno rural e moi tranquilo. Terreo de 550 m², 230 construídos. 4 cuartos, un na planta baixa. 2 baños e un aseo. Ampla cociña que comunica coa horta na que hai un lavadoiro con auga de manancial e moitas árbores froiteiras. Salón comedor con galería. Lareira, forno de leña e bodega. Garaxe para 3 coches.

6 ALÚGASE



Ático económico

Ático con vista ao río Pedras. 3 dormitorios, 1 cuarto de baño, cociña con despensa e sala de estar. Zona tranquila e soleada. Próximo ás facultades de Filoloxía, Dereito e Medicina.

7 VÉNDESE E ALÚGANSE



Chalés acaroados con xardín individual

Zona residencial. 3 cuartos con armarios encaixados, 2 baños, salón con chimenea e acceso á terraza. Estudio-biblioteca con moita luz. Cociña ampla equipada. No soto praza de garaxe dobre e rocho. Calefacción, aire acondicionado e fío musical. Piscina, cancha de tenis e ximnasio comunitarios.

B. Nesta inmobiliaria están ateigados de traballo. Todos os días chegan unha morea de mensaxes ao seu correo electrónico de persoas que andan na procura de vivenda. Poderíaslles botar unha man con estes clientes? Cal dos anuncios anteriores pensas que lles vai mellor?

- Ola, chámome Miquel e vou facer un mestrado nesta cidade. Chego xusto o día antes do inicio das clases, o 21 de setembro, por iso estou a buscar un cuarto. Non me importa compartir piso, aínda que preferiría vivir só, sempre e cando o prezo non se dispare moito.
- Boas. Por motivos laborais teño que trasladarme a esta cidade. Vivo coa miña muller e cos meus fillos, de 4 e 6 anos. Queremos mercar unha vivenda a estrear que estea nunha zona tranquila e onde haxa zonas verdes para que os nenos poidan xogar. Tamén existe a posibilidade do alugueiro, en canto non haxa algo que nos convenza. Que nos poden ofrecer?
- Somos tres rapazas que vimos estudar a esta cidade. Gustaríanos vivir xuntas. Buscamos un piso céntrico, non moi afastado da Facultade de Filoloxía. Somos moi friorentas, así que é imprescindible que teña calefacción. Ah! e que non sexa moi caro!
- Acabamos de xubilarnos. Vivimos na zona de movida desta cidade e hai moito ruído. Gustaríanos ir vivir a un sitio tranquilo, por exemplo, nas aforas. A min gústame moito facer deporte e a miña muller adora a lectura, ten miles de libros! Tamén adoramos estar en contacto coa natureza. Precisamos mudarnos o máis axiña posible.

4. A. Deseguido presentámosche algúns dos CONECTORES máis frecuentes, isto é, palabras que serven para relacionar dous ou máis enunciados. O problema é que a información está incompleta. Fíxate nos exemplos e intenta colocar ao carón do conector correspondente a información que aparece no cadro:

E:
A cociña tiña microondas **e** lavalouza.

NIN:
Non vivo na cidade **nin** penso mercar aquí un piso. / **Nin** vivo na cidade **nin** penso mercar aquí un piso.

OU:
Custa 300 **ou** 350, non me lembro. / Custa **ou** 300 **ou** 350, non me lembro.

PERO:
Gústame moito esa axencia, **pero** os prezo son moi caros.

PORQUE:
Estou enfadado **porque** tes o cuarto sen recoller.

SE:
Se queredes cear, preparamos algo para picar.

COMO:
Díxome **como** quería os cuartos de baño.

CANDO:
Chegou **cando** estaba poñendo a mesa.

ONDE:
A reunión non se celebrou **onde** eu pensaba.

Expresa lugar.
Une dous ou máis elementos.
Introduce unha condición.
Indica a causa.
Introduce enunciados que presentan unha restrición con respecto ao anterior.
Expresa tempo.
Serve para engadirlle un elemento negativo a outro negativo. Pode aparecer en todos os elementos que se unen.
Expresa modo.
Sinala incompatibilidade.
Pode ir antes do último dos elementos conectados ou antes de cada un deles.

B. Agora, cos enlaces que acabas de ver e retomando a tarefa 3 (Buscando vivenda), es capaz de completar estas oracións? Fíxate no exemplo.

Enviáronlle correos electrónicos á axencia explicándolle como querían as vivendas.

A casa do rural ten lareira forno de leña.

Para a familia están ben os pisos de Vista Alegre son novos e teñen xardín con parque para os nenos.

A casa de pedra para restaurar é axeitada para o matrimonio de xubilados queren mudarse canto antes.

Os apartamentos da praia non teñen ascensor calefacción.

queredes unha vivenda céntrica, alúganse pisos na rúa da Algalia.


Miquel chega á cidade comeza a estación de outono.

Os de maior idade buscan unha vivenda haxa tranquilidade.

As tres amigas poden alugar o piso da rúa da Algalia o ático, este último non ten calefacción.

5. Isto foi o que lle respondeu un señor duns 50 anos a un xornalista da Televisión de Galicia do programa *Que opinan a xente de a pé*. Na entrevista preguntáronlle a unha ducia de persoas elixidas ao chou se preferían vivir na cidade ou no campo e/ou nun piso ou nunha casa. Nós transcribimos un anaco do que dixo Iago:

“Pois eu téño claro, prefiro vivir nunha casa. Nos pisos non hai tanta intimidade coma nunha casa, por moito que digan, porque falas un pouco máis alto do que debes e... xa os veciños e veciñas saben toda a túa vida. E iso non pasa nunha casa, eh! Claro que vivir nun piso tamén ten vantaxes, por exemplo, á hora de limpar, tes menos traballo ca na casa, non hai tantas ventás! É que a min, da limpeza, limpar cristais amólame máis ca cousa ningunha. (...) É que agora cóllesme por sorpresa e non sei que máis dicir pero... en xeral, eu penso que a calidade de vida nun piso non é tan boa coma nunha casa. Pero hai gusto para todo. Mira, nesta casa nova de pedra que ves aí vive unha parella dende hai un ano. Estiven falando con eles o outro día e comentáronme que a vida nunha casa non é tan boa como esperaban. Dixéronme que botaban de menos o piso que tiñan antes. O que che digo, hai gustos para todo.”



A. Iago fixo algunhas comparacións entre a casa e o piso.

Búscaas no texto e completa a seguinte táboa.

COMPARATIVAS		
igualdade	superioridade	inferioridade
—Nos pisos non hai tanta intimidade coma nunha casa		

B. Que elementos se empregan para facer as comparacións?

Sublíñaos na táboa anterior.

C. Acabas de ver algúns dos elementos básicos na comparación.

Deseguido presentámosche máis polo miúdo como se forman estruturas comparativas. Es capaz de trasladar os seguintes exemplos ao carón do esquema correspondente?

Que milagre! Hoxe tes **máis** frío **ca** min!
 Paga **tanto coma** nós pola letra do piso.
 Pensas que chove **menos ca/que** en Asturias?
 Para a decoración do fogar, Vítor ten **tantas** ideas **coma** ti.
 Este ano vai **menos** calor **ca/que** o ano pasado.
 Estaba desgustado porque non lle saíu **tan** ben **como** esperaba.
 Para aproveitar o bo tempo, traballamos **máis do que** podemos.

-de igualdade

TAN + adxectivo + COMA (se vai seguido de pronome persoal tónico)

adverbio COMO (seguido de verbo conxugado)

COMA ou COMO (no resto dos casos)

verbo + TANTO + COMA / COMO / COMA ou COMO

TANTO/a/os/as + substantivo + COMA / COMO / COMA ou COMO

-de superioridade ou inferioridade

Verbo + MÁIS / MENOS + CA (se vai seguido de pronome persoal tónico)

DO QUE (seguido de verbo conxugado)

CA / QUE (no resto dos casos)

MÁIS / MENOS + adxectivo/substantivo/adverbio + CA / DO QUE / CA ou QUE

6. ALDEA OU CIDADE?

A. Xaime e Delia viven no mesmo municipio, pero el vive nun piso no centro da cidade e ela ten unha casa nunha aldea das aforas. Estes son os resultados dunha enquisa realizada polo seu concello para contrastar o nivel de vida entre o campo e a cidade.

	Xaime	Delia
Medios de transporte	4	1
Actividades de lecer	5	2
Festas	3	5
Relación veciñal	4	4
Ruído e contaminación	5	2
Estrés	4	2
Comida lixo	5	1

B. Despois de comparar os resultados das enquisas de Xaime e Delia e apoiándote no cadro das comparacións, intenta completar estes enunciados.

A cidade é ruidosa o campo.

No campo hai medios de transporte na cidade.

Xaime come comida lixo debe.

Hai actividades de lecer no campo na cidade.

Na cidade a xente estrésase no campo.

A relación veciñal é boa no campo na cidade.

Canto ás festas, el está satisfeito ela.



7. Nas actividades anteriores vimos un pouco o que opinan Iago, Xaime e Delia sobre os temas campo/cidade e piso/casa. E ti que pensas? Primeiro coméntao co teu compañeiro ou compañeira e logo, debatede o tema entre todo o grupo. O profesor ou profesora vai ser o moderador/a.

8. Hai que facerlle uns amaños a esta casa. Fíxate nas imaxes dos cuartos e marca as reformas que precisa elixindo a opción correcta.



No salón hai que...
mercar un sofá.
colocar a lámpada.
pintar o teito.



No dormitorio grande precísase...
amañar as cortinas.
cambiar o espello.
mercar unhas alfombras.



No dormitorio pequeno é necesario...
pór unha mesa de estudo.
cambiar o cristal da fiestra.
colocar a televisión no estante.



No cuarto de baño o problema está...
no moble do lavabo.
no colgadoiro das toallas.
no soporte dos rolos de papel.



Na cociña é fundamental...
desatascar os fogóns.
colocar os azulexos que faltan.
mercar unha mesa e unhas cadeiras.



FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

A ACENTUACIÓN I: as agudas

A **sílaba** é o son ou conxunto de sons que se pronuncian nun só golpe de voz. Nunha palabra, a sílaba sobre a que recae a intensidade chámase **tónica**.

Por exemplo, na palabra VIVENDA, a sílaba tónica é -VEN-. As outras son sílabas **átonas**, pronúncianse con menos forza.

9. A. Deseguido presentámosche unha listaxe de nove palabras. Coñecelas?

Se non é así, pídelles ao teu profesor ou profesora que as explique e que as diga en voz alta. Despois tes que colocalas nos recadros que che damos de xeito que as sílabas tónicas ocupen a parte sombreada.

tellado – cheminea – corredor – billa – almofada – táboa – garfo – balcón – lámpada

che	mi	ne	a												

B. Agora coloca no lugar correspondente as palabras da actividade anterior.

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS
	cheminea	

Segundo a posición que ocupe a sílaba tónica dentro da palabra, en galego distinguimos:

palabras agudas: o acento recae na última sílaba: televisión, papel.

palabras graves: o acento recae na penúltima sílaba: váter, espello.

palabras esdrúxulas: o acento recae na antepenúltima sílaba: frigorífico.

No galego algunhas palabras levan acento gráfico (á, é, í, ó, ú) para indicar cal é a sílaba tónica. Nesta unidade imos ver cando hai que poñerlle acento ás agudas.

C. No cadro indícase cando hai que acentuar as palabras agudas. En que lugar deben estar as palabras seguintes? Lembra, todas teñen a forza de voz na última sílaba.

venta – pasamans – andel – xardin – lar – fogon – conxelador – edredon – caixon – sofás – coxin

AGUDAS				
Con acento gráfico				Sen acento gráfico
Rematadas en vogal	Rematadas vogal + -n	Rematadas en vogal + -s	Rematadas en vogal + -ns	



10. Vas escoitar o diálogo entre a empregada dunha axencia e mais a propietaria dun inmoble. Esta quere poñelo en alugueiro e explícalle á dependenta como é.

Velaquí tes un modelo de formulario que teñen na axencia para completar coas características de cada vivenda. Intenta cubrilo.

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS			
Provincia:		Localidade:	
Zona:			
Tipo de vivenda:		m²:	
Prezo:		Gastos de comunidade:	
Antigüidade do inmoble:			
Disponibilidade:			
MÁIS DATOS DA VIVENDA			
<i>Exterior</i>			
Cuartos		Andar	
Cociña amoblada		Baños	
Sala		Salón comedor	
Garaxe		Terraza	
Rocho		Ascensor	
EQUIPAMENTO DO INMOBLE			
<i>Interior</i>			
forno		tendal	
neveira		ventilador	
microondas		utensilios de cociña	
lavalouza		roupa das camas	
lavadora		toallas	
secadora		calefacción	
lavadoiro		aire acondicionado	
TECNOLOXÍA			
televisión		dvd	
internet		teléfono	
fío musical			
COMUNIDADE			
xardín		parque infantil	
piscina		sauna	
cancha de tenis		ximnasio	

11. Estes son algúns anacos do diálogo que acabas de escoitar.**Fíxate na colocación dos pronomes átonos:**

—E ten lavalouza?

—Non, non **a** temos.

—Xa está listo para entrar nel. Só falta acabar coa calefacción.

—E para cando **a** tería instalada?—Non **o** sei, pero **o** técnico dixo que só quedaba colocar os radiadores da sala.—Sauna non hai. E piscina... tampouco **a** temos, pero está o mar a un paso.—Eu non **o** alugo por menos de mil cincocentos euros.—E para contactar con vostede, **a** que número **a** chamo?

A. Aínda que a colocación máis frecuente dos pronomes átonos é despois do verbo e unido a el (*Véndoa por 90.000 euros*), nalgúns ocasións vai anteposto. En que tipo de oracións ocorre isto?

—nas oracións : Non **o** quero—en oracións : Como **o** quere? Por que **o** quere? Onde **o** quere?

B. Subliña nos exemplos anteriores os elementos que fan que os pronomes átonos vaian antes do verbo.

12. XA ES CAPAZ DE DESCRIBIR A TÚA VIVENDA?

A. Tes que elaborar un anuncio no que busques alguén para compartir casa. Podes indicar o tipo de vivenda, a situación, os cuartos que ten, o prezo... Faino nunha ficha coma esta para logo intercambiala co teu compañeiro ou compañeira.

BUSCO COMPAÑEIRO/A PARA COMPARTIR...

PARA MÁIS INFORMACIÓN CHAMAR AO TELÉFONO



B. Despois de ler o seu anuncio, hai algunhas cousas que non che quedaron moi claras. Vas chamalo por teléfono e facerlle algunhas preguntas para completar a información que tes.

Ex: E o aseo, é interior ou exterior?

É interior, pero ten unha fiestra que dá ao patio de luces.

Cantos metros cadrados ten o xardín?

Non o sei seguro, porque ten unha forma moi irregular.



CONTIDO SOCIOCULTURAL

13.CONSTRUCCIÓN POPULARES GALEGAS: A CASA

A. Segundo as necesidades dos habitantes e as condicións climáticas de cada zona, as vivendas presentan unhas características ou outras. Velaquí tes os catro tipos principais de casas galegas. Es quen de relacionar cada imaxe coa súa descrición?



A casa mariñeira

Podemos ver este tipo de vivendas nas poboacións costeiras das rías galegas da Coruña e Pontevedra. Son construcións estreitas, de dúas plantas, en cuxos baixos hai soportais e locais para gardar os aparellos de pesca e mais as embarcacións. Na planta alta está a vivenda con galerías acristaladas, corredores de madeira ou patíns de cantería.



A casa da Coruña

É o modelo de edificio rural máis común no campo galego. Son agrupacións ao redor dun núcleo central no que está a vivenda de pedra sen labrar, con perpiaños nos elementos principais, dunha ou dúas plantas e cuberta con tella. Nas dependencias anexas encóntranse o alboio, as cortes, os cortellos, o palleiro, o hórreo... Son construcións relacionadas coas necesidades e cos traballos agrícolas.



A casa de Lugo

Trátase dunha construción rectangular, con grosos muros e escasos ocos que illan a vivenda da crueza climática nas altas chairas do interior de Galicia, na provincia de Lugo. Os animais e a cociña (lareira) están situados na planta baixa, mentres que a planta alta se destina á vivenda. Están construídas con cantería ou cachotaría e cubertas de lousas.



A palloza

É a construción vernácula máis antiga de Galicia. Encontrámola nas montañas de Lugo, en poboacións como o Piornedo. A súa orixe, de planta ovalada, acostuma relacionarse cos castros galegos. O tellado é de palla (colmo) e os muros son grosos e baixos, case sen ventás. No seu interior, o espazo único contén a vivenda, o palleiro e os cortellos para o gando, que proporcionaba calor fronte ao frío exterior.

B. E no teu lugar de orixe, como son as vivendas tradicionais? Teñen algunha semellanza coas galegas ou son totalmente diferentes?



14. Relacionadas coa arquitectura popular están as seguintes adiviñas.

A. Sabedes de que construción se fala nelas?

Máis de mil señoritos
entraron por un buraco
colleron nome de femia
e perderon o de macho.

Anda e non ten pés
come e non ten boca
canta comida lle dan
toda lle parece pouca.

Que cousa, cousa é,
que mentres come canta
e se non come cala?

B. Por parellas, buscade información sobre este elemento para despois expoñela na clase. Podedes preguntar na rúa, na biblioteca ou, se o preferides, facer unha busca na internet. Estes enlaces pódenvos ser de axuda:

<http://usuarios.lycos.es/aureano/arquitectura.htm>

<http://www.galiciaencantada.com>

15. Pero na arquitectura galega, tanto no campo coma na cidade, tamén se fan moitos estragos. En ocasións son actos inconscientes, pero moitas veces quen comete a desfeita sabe perfectamente o mal que está a facer. É o que nos últimos tempos se coñece co nome de “feísmo”. Escoitaches falar disto?

En novembro de 2007 apareceu o primeiro número da *Revista mensual de humor galego Retranca*. Como podes ver na cuberta, un dos temas que se trata é o feísmo.



- A. Nesta publicación dannos solucións para rematar con esta praga e propoñennos as “5 regras do guapismo”. Es capaz de colocar cada regra no recadro correspondente?

Integrarás a obra no teu contorno.

O daltonismo non é arte.

Sobre o cemento e o ladrillo sempre se pon unha man de pintura.

Mercarás todos os ladrillos iguais.

A xeometría experimental é asunto dos matemáticos.



Revista Retranca (adaptado)



- B. E vós, propoñedes algunha outra regra contra o feísmo? Comentádeo primeiro por parellas e logo entre toda a clase.

.....


.....

- C. Se vos interesa o tema, recomendámosvos o libro *Feísmo? Destruir un país*. Neste volume ides atopar 800 imaxes relacionadas co tema e mais as contribucións dos participantes no *Foro do Feísmo*, onde se analizaron as agresións que sofre o territorio no noso país.






16. Tatiana e Mar coñecéronse nun campus universitario de lingua e cultura catalá que se celebrou en Mallorca. Dende o primeiro día leváronse de marabilla porque coincidiron na forma de ser, nos gustos... e nas ganas de aventura! Dende aquela sempre intentan verse polo menos unha vez ao ano. Desta volta o encontro é na terra de Mar, en Pontevedra. Van ir uns días ás Illas Ons pero Tatiana, que é granadina, ten un problema coa roupa. Esta foi a mensaxe que lle enviou a Mar.



A. Entendes a mensaxe de Tatiana? Para que estea todo máis claro, escríbea de novo cos caracteres que faltan.


B. Agora supón que es Mar e, despois de consultar como vai estar o ceo a semana vindeira, escíbelle un correo electrónico. Nós dámosche unha man co mapa das previsións a longo prazo.



CADERNO DE BITÁCORA

17. ENCRUCILLADO DOMÉSTICO

A. Neste encrucillado aparece algún mobiliario da casa, concretamente da cociña. Es capaz de completalo? Se descoñeces algunha palabra, pódete de grande axuda un dicionario bilingüe.



B. Agora, por parellas, elaborade un diálogo breve no que aparezan oito palabras do encrucillado. No texto debe haber 3 oracións comparativas: unha de igualdade, unha de superioridade e outra de inferioridade. Despois tedes que expoñelo diante dos compañeiros e compañeiras. Veña, a pensar!

Comprender
Falar
Ler
Escribir

[illegible][illegible][illegible]